

CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NAS BASES REGULADORAS PARA ELABORAR UNHA LISTAXE DE AGARDA DE CATEGORÍA PROFESIONAL TÉCNICO/A DEPORTIVO/A DE TENIS, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO:

Con data 11 de setembro de 2023 publicouse a resolución do xerente da Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P, pola que se dispoñía a publicación da convocatoria e bases reguladoras para elaborar unha listaxe de agarda de categoría profesional técnico/a deportivo/a de tenis, para a cobertura temporal de postos de traballo.

Detectouse un erro material no punto 11. do sistema de selección e baremo, Fase II (entrevista persoal).

Considerando que:

PRIMEIRO: aínda non tivo lugar a Fase II do proceso.

SEGUNDO: concorren os supostos para proceder á corrección do erro material advertido no documento sen que afecte ao desenvolvemento do proceso.

TERCEIRO: corresponde a comunicación e publicación do erro advertido.

ACORDO:

1. Corrixir o erro material advertido nas bases reguladoras para elaborar unha listaxe de agarda de categoría profesional técnico/a deportivo/a de tenis, para a cobertura temporal de postos de traballo, punto 11, Fase II (páxina 6).

Onde di:

- b) Coñecemento sobre a dinamización de grupos no medio natural.
- c) Actividade física, saúde e benestar físico e a súa relación coas actividades no medio natural.
- d) Elaboración e planificación dos contidos para a dinamización de actividades na natureza con carácter anual.

Debe dicir:

- b) Coñecemento sobre a dinamización de grupos de tenis de diferentes niveis.
- c) Actividade física, saúde e benestar físico e a súa relación co tenis.
- d) Elaboración e planificación dos contidos para a dinamización da actividade de tenis con carácter anual.

2. Manter a data e horarios previstos para as entrevistas correspondentes á Fase II do proceso posto que non afecta ao desenvolvemento do proceso.

En Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital